

DOSSIER DE PRENSA

**O CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO** PRESENTA
3DTres

Mercedes Suárez
Dirección



XUNTA DE GALICIA



Prensa:

Agadic. Comunicación
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
XUNTA DE GALICIA

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO:
Complexo Deportivo de Elviña
Avda. de Glasgow s/n 15008 A Coruña
Tel: 981 134 946

www.centrocoreografico.org

Dirección: Mercedes Suárez

Profesoras de danza: Beatriz Ponlla e Belén Vázquez

Departamento de formación: Beatriz Ponlla e Belén Vázquez

Documentación: Pilar Peña

Xastras: Milagros Reimúndez e Cristina Cordido

Auxiliar de son: Hugo Peñamaría

Técnico de maquinaria: Jesús R. Arias

Músicos: Carlos Taboada, Carlos Rilo, José Ramón Bugliot,
Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde

Pianista: Roberto Beceiro

.....
Asesoría xurídica (Agadic): Pilar Rodríguez

Administración (Agadic): Rosa Picos

Prensa (Agadic): Ana Rosales e Ana Miragaya

ÍNDICE

Centro Coreográfico Galego	6
3DTres	8
Dirección	12
Coreógrafos	13
O corpo de baile	16





3DTres



CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Integrado na Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, o Centro Coreográfico Galego (CCG) é un espazo público de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza.

Entre os seus obxectivos están o apoio á creación artística, á investigación e á formación dos profesionais das artes do movemento. Persegue tamén a diversificación das súas iniciativas, tanto temática como xeograficamente, así como tender pontes entre proxectos e institucións afíns e contribuír ao encontro da danza con outras disciplinas artísticas.

Na súa relación coa sociedade, o CCG desenvolve accións de sensibilización da cidadanía cara á danza, posicionándoa nun lugar preferente da vida cultural galega. *3Dtres*, con coreografías de Tony Fabre, Ángel Rodríguez e Amaury Lebrun, é a quinta produción do CCG, despois de *Etheria, a viaxe soñada*, de Mercedes Suárez (2010); *Giseliña*, de Cisco Aznar (2009); *Kiosco das almas perdidas*, de Roberto Oliván (2008); e *Vacuo*, de Maruxa Salas (2007).

3DTres

3DTres é a quinta produción propia da historia do Centro Coreográfico Galego (CCG) e a primeira asumida baixo a dirección artística e de xestión de Mercedes Suárez.

Tony Fabre, Ángel Rodríguez e Amaury Lebrun conforman o trío de coreógrafos que asinan cada unha das partes de **3DTres**. Os excompoñentes -entre outras- da Compañía Nacional de Danza (CND) na época de Nacho Duato, prestan o seu talento creativo ao CCG como autores, respectivamente, das pezas *Honey Moon*, *Dulce Memoria* e *Magnificat*.

Diferentes músicas, temas, vestiarios e postas en escena identifican cada unha destas coreografías, que teñen como denominador común a técnica empregada polas cinco parellas de intérpretes (un estilo contemporáneo sobre unha sólida base de danza clásica) e o traballo integrador de Mercedes Suárez como directora.





1DTres

HONEY MOON

Coreografía: **Tony Fabre**

Música: Jean Poinsignon e Steve Reich Ensemble

Un poema en movemento que une a nosa parte masculina máis ancestral coa sofisticación máis feminina do mundo contemporáneo. Un canto aos ciclos da renovación da natureza, no que se constrúe con humor unha representación da evolución do mundo.



2DTres

DULCE MEMORIA

Coreografía: **Ángel Rodríguez**

Música: Martín Códax e Tomás Luis de Victoria

Con música medieval e renacentista, e o apoio das imaxes proxectadas, DULCE MEMORIA é un canto á beleza e ás lembranzas gardadas na nosa memoria e representadas por diferentes dúos, tríos e cuartetos en continua evolución.



3DTres

MAGNIFICAT

Coreografía: **Amaury Lebrun**

Música: J.S. Bach

MAGNIFICAT lévanos a un mundo de contrastes entre a utilización do tutú romántico en contraposición aos movementos máis contemporáneos.



BAILARINAS E BAILARÍNS

Irene Rubio

Ástrid Molinero

Lucía Antonella Sampieri

Fátima Fernández

Elena Chamorro

Carlos Ugarriza

Ariel A. Caramés

Juan M. Hernández

Miguel A. Ponte

Pablo Aradillas

EQUIPO ARTÍSTICO

Dirección: Mercedes Suárez

Asistente de dirección: Yolanda González

Diseño de luz: Santi Mañasco

Vestuario: Nuria Barrio, Santos Salgado e María Villas

Montaxe audiovisual: Pixel Films

Producción: Jesús R. Arias e Pilar Peña

Profesoras de danza: Belén Vázquez e Beatriz Ponlla

Pianista: Roberto Beceiro

Luces: R.T. A.

Son: Hugo Peñamaría

Xastras: Milagros Reimúndez e Cristina Cordido

.....
Distribución: María Barcia (661 292 166)

Diseño gráfico: Empatía Comunicación

Fotografía: Begoña Bah e Manuel Lemos



MERCEDES SUÁREZ, DIRECCIÓN



Mercedes Suárez dirixe o Centro Coreográfico Galego desde 2010.

Nada na Agualada, no concello coruñés de Coristanco, é titulada superior en Danza polo Real Conservatorio de Danza de Madrid, e en Anatomía e Biomecánica aplicada á danza pola Universidade de Alcalá de Henares.

Inicia a súa formación artística a partir de 1968 con notables mestres de danza clásica e contemporánea en distintos lugares do mundo: con Carmen Ocaña, Emilia Ardanuy e Karen Taft, en Madrid; con Irina Grjvina en París; con Víctor Ullate, Emilio Altés e Mme. Periphanos, en Bruxelas; con Nina Virubova, en Girona; con Marica Besobrasova, en Mónaco; con José Parés, en Caracas; e con Valentina Gabanilova, en San Petesburgo. Nestes tres últimos destinos foi bolseira da Xunta de Galicia. Tamén estudou con Lidia Azzopardi e Vicente Sáez en Barcelona e con Carl Paris e Arnold Patersson en Madrid.

Como bailarina, Mercedes Suárez inicia a súa carreira en 1973 no Ballet Clásico de Madrid dirixido por Eva Borg. En 1976 trasládase ao Ballet de Versailles (Francia), como bailarina e axudante de coreografía.

En 1981 funda na Coruña a Escola de Danza Druída e empeza a impartir clase de danza en centros como o Estudio de Danza Degas en Ferrol, onde participa ademais no Taller de Teatro do Concello; na Coruña, no Taller de Danza e no Taller de Teatro; ou no Ballet do Noroeste de Viana do Castelo (Portugal). Tamén exerce como xefa de estudos no Conservatorio Oficial de Danza de Lugo entre os anos 2003 e 2004.

Na faceta de coreógrafa, Mercedes Suárez ten unha ampla experiencia a nivel nacional e internacional. Algunhas das súas coreografías realizounas en espectáculos dirixidos por Eduardo Alonso: o musical *Glass City*, e as producións do Centro Dramático Galego *O enfermo imaxinario* e *As alegres casadas*. Participa, así mesmo, en producións de distintos formatos, como os vídeos e documentais de F. Villaverde *Tacón* e *Ai amante*; *Lendas*, de M. Abado, ou no vídeo promocional de Susana Seivane para TVE. Tamén colabora en pezas de videodanza. A súa actividade de creación coreográfica esténdese igualmente a obras de ópera, como as representacións na Coruña de *Fausto*, *Rigoletto* e *Dido y Eneas*. Para a Orquestra Sinfónica de Galicia realizou fragmentos de *El cascanueces* e *La Bella Durmiente*, de Tchaikovsky; *Bolero*, de M. Ravel; *Julietta en sueños*, de Juan Bara; e *El Carnaval de los animales*, de Saint Saens. Son salientables tamén os seus traballos nas entregas de premios da Agapi en 1996 e 1999, dos Mestre Mateo entre os anos 2002 e 2005, e nos Premios de Teatro María Casares. É coreógrafa da TVG desde 1992, e foino para TVE nas galas de verán de 2003.

Como directora da compañía Druída Danza, asina desde 1988 a coreografía e dirección de múltiples representacións en Galicia: *Drama de mulleres* (1990), *A Mari Gaila* (1995), *Fronza* (1998), *Cuore* (1999), *Metamorfosis de F. Kafka* (2000), *En espera* (2001), *Lúa amarga* (2002), *O calar do tempo* (2003), *A redeira* (2004), *20 anos non é nada* (2005), *Verde transparente* (2006) e *ABC Danza* (2007). Moitos destes espectáculos foron representados en escenarios de Portugal, Barcelona, Biscaia, París ou Bucarest.

Mercedes Suárez realizou tamén coa súa compañía diversas galas benéficas para organizacións non gobernamentais, como Manos Unidas (1995) e Ayuda

en Acción (1998 e 1999), e participou en accións humanitarias como as Jornadas de Solidaridad con el Sáhara (1996, 1997 e 1998).

Algunhas das coreografías de Druída Danza foron interpretadas por distintas compañías, como Ballet do Noroeste (Viana do Castelo), Ballet de Cámara de Alicia Alonso (Madrid) e Ballet Nacional de Santo Domingo (República Dominicana).

Mercedes Suárez foi galardoada con diferentes premios polo seu traballo como coreógrafa. En 1990 recibe o do Certame de Teatro Ciudad de Lugo por *Drama de mulleres*. O Certame Coreográfico de Galicia outórgalle o terceiro premio por *O calar do tempo* en 2004 e a mención especial por *O anxo exterminador* en 2005. En Portugal recibiu o primeiro premio no Certame de Viana do Castelo. Tamén foi galardoada en Madrid no Maratón de Danza, onde participaron máis de 150 compañías de toda España.

COREÓGRAFOS



Tony Fabre

Comezou a estudar ballet no conservatorio Nacional de Nantes, en Francia; e continuou máis tarde en escolas privadas en Bruxelas e Liège (Bélxica). En 1981 ingresou no Ballet de Karlsruhe de Germinal Casado, onde permaneceu ata 1983, ano no que comezou a formar parte do Ballet do Século XX, de Maurice Béjart, coa categoría de solista.

En 1989 ingresou no Sadler's Wells Royal Ballet, en Londres, para traballar como bailarín principal durante un ano. En 1990 trasládase a Basilea para participar, como bailarín principal, no Basler Ballet.

En 1991 ingresou na Compañía Nacional de Danza como bailarín principal convidado, onde permaneceu ata 1997 e bailou numerosas obras de Nacho Duato e outros coreógrafos de renome internacional, tales como Jiri Kylian, Mats Ek, Ohad Naharin, William Forsythe, Hans van Manen, etc. Durante este período creou dúas pezas para o Taller Coreográfico da Compañía.

A partir de 1997 comezou a súa carreira como asistente de coreografía, montando moitos ballets de Nacho Duato en diferentes compañías internacionais. Ao mesmo tempo, crea varios traballos para a compañía IT Danza de Barcelona e para a Xove Compañía de Carmen Roche.

En outubro de 1999 aceptou o cargo de director artístico adxunto da Compañía Nacional de Danza 2; e posteriormente asumiu o novo proxecto, para o cal creou ata agora seis coreografías: *Holberg Suite* (2000), *Rooms* (2001), *White Man Sleeps* (2003), *Violon d'Ingres* (2005), *Insected* (2008) e *Carmen replay* (2010).

En 2009 creou *Sea though* para o Tulsa Ballet e *Ismael* para o Ballet Béjart Lausanne.

Obtivo o Premio de Coreografía de Danza Villa de Madrid de 2009 pola súa creación *Insected*.



Ángel Rodríguez

Coreógrafo e mestre de formación e traxectoria ecléctica, cursa os seus primeiros estudos na escola do Ballet Nacional de España dirixida por Carmen Roche.

Baila como solista e primeiro bailarín no Ballet do Gran Teatro de Xenebra, dirixido o primeiro ano por Óscar Araiz e os seguintes por Gradimir Pankov; e na Compañía Nacional de Danza, dirixida por Nacho Duato.

Imparte clases e obradoiros para a Asociación de Profesionais da Danza de Madrid, Centro de Artes Performativas Carmen Roche, Asociación de Profesionais de Danza de Guipúzcoa, Conservatorio Profesional de Danza de Madrid, Conservatorio de Danza en Palma de Mallorca, Equipo Nacional de Ximnasia Rítmica CAR, Centro de Artes Escénicas El Horno, Instituto Superior de Danza Alicia Alonso, Universidad Rey Juan Carlos, Fundación da Danza Alicia Alonso, cursos de verán en El Escorial, Conservatorio Superior de Danza María de Ávila, etc.

Entre 2000 e 2003 foi director adxunto do Ballet Carmen Roche.

Titulado en danza clásica polo Conservatorio de Madrid, entre as súas coreografías salientan as creadas para a Compañía Nacional de Danza *Des-Angel-Hada*, *Con un Silencio en la boca*; para o Ballet Carmen Roche, *Eternity and a day*, *Lachrimae Amantis*, *El llanto de Teresa*, *Alma de viola e Traviata*; para a Compañía Rafael Amargo, *Solo*; para a Compañía Mudanzsik, *Saliendo del alma*; para o Instituto Superior de Danza Alicia Alonso, *Don Quijote 2º acto*, *Il figlio del dolore*, *Alicia y su país de las maravillas* e *El Alma dormida*; para o Conservatorio Profesional de Danza, *Dónde estás*; para a Compañía Suite Española, *Carmen*, *72 rue de Belleville*; para o Ballet del Teatro Mikahilovsky de San Petersburgo, *Solo's Mikaela*; para o Ballet de Teatros de la Generalitat, *Parade*; e para Trasdanza, *Buenas noches, chavo*. Tamén é autor de coreografías para o musical *Jesucristo Superstar*, así como para cine, publicidade, moda, concertos, video-clips, etc.

Recibiu varios premios, tales como a mención de Honor no Certamen Coreográfico de Burgos, o primeiro premio de danza contemporánea na Maratón de Danza de Madrid e a mención de honra no Certamen Iberoamericano de Coreografía organizado pola SGAE e o Ballet Nacional de Cuba.



Amaury Lebrun

Nace en Francia, onde comezou a estudar no Ballet du Nord. Completou a súa formación na School of American Ballet, de New York, onde foi elixido por Jerome Robbins para unha creación.

Ao longo da súa carreira traballou en compañías de danza europeas, como o Ballet du Rhin, o Deutsche Staatsoper de Berlín ou o Ballet de l'Opéra de Nice na calidade de solista. Durante estes anos destaca como intérprete das obras de coreógrafos como Maurice Béjart, Georges Balanchine, Nils Christi, Carolyn Carlson, Roland Petit, Hans Van Manen, John Cranko, Jose Limon, Maryse Delente, Claude Brumachon, Myriam Naisy ou Kurt Joos, entre outros.

En 2000 ingresou como solista na Compañía Nacional de Danza, onde baila numerosos traballos do entón director, Nacho Duato, así como doutros coreógrafos de renome internacional: Jiri Kylian, Ohad Naharin, Andersson Örrjan, William Forsythe, Godani Jacopo, Mats Ek e Wim Vandekeybus.

Foi na súa etapa no Ballet de l'Opéra de Nice cando comezan as súas inquiredanzas como coreógrafo. *Inspiration*, unha peza que aínda forma parte do repertorio desta compañía, foi o seu primeiro traballo.

En 2002 gañou o primeiro premio no Concurso Internacional de Coreografía de Burgos, coa peza *Kenmey*. En 2004 crea *La rosa de l'infante* para o Purchase College de New York e *Sen Título 1* no Teatro Principal de Burgos. En 2005 estrea *Between Days* e *La Barrière* nos 7º e 8º talleres de Coreografía da Compañía Nacional de Danza, no Teatro de la Zarzuela (Madrid). Este mesmo ano crea *Couplets de folies* no Gran Auditorio de Alcobendas, así como *Passeing Birds* para a Compañía Nacional de Danza 2.

En 2006 exerce como coreógrafo no Summer Dance International de Burgos, organizado por Kazulo Hirabayashi, onde crea *You think: beauty* para os alumnos da famosa Juilliard School e Alvin Ailey School de New York. En 2007 estrea dous solos: *Rouge* e *The picture* para o Gran Auditorio de Alcobendas e para o Purchase College de New York, respectivamente. Tamén gaña o terceiro premio de coreografía no Certamen Internacional de Coreografía de Burgos coa súa peza *One day, an apple*. En 2008 crea o dúo *Mémoire d'L* no Teatro Principal de Burgos, como tamén *Hear the buzz?* e o solo *Cendres*.

En 2009 asina o solo *No more myself* e participa no 9º Taller de Coreografía da Compañía Nacional de Danza na Sala Matadero (Madrid). Dende 2009 é director artístico da súa propia compañía, Amaury Dance Company (ADC), e é convidado en numerosos festivais internacionais. Tamén é usualmente convidado como coreógrafo para dar clases maxistras e obradoiros.

En 2010 crea *Ewes* para a Compañía Nacional de Danza 2 e *In praise of shade* para o Western Australia Academy of Performig Arts (WAAPA) en Perth (Australia). Convidado en Nova York para impartir un taller de coreografía na Alvin Ailey Center, realiza *Sen título 2*. Imparte, así mesmo, talleres de repertorio, composición coreográfica e improvisación no Conservatorio Superior de Danza de Madrid.

O CORPO DE BAILE

O corpo de baile de *3Dtres* está integrado por 10 bailaríns (5 homes e 5 mulleres) escollidos para este proxecto mediante un proceso de audición. O equipo resultante é un grupo diverso na súa procedencia xeográfica, formación e disciplina, aínda que absolutamente cohesionado no seu traballo interpretativo para cada unha das coreografías.

O grupo conta, ademais, coa experiencia previa común de ter formado parte en 2010 de *Etheria*, a anterior produción do CCG.



Irene Rubio

(Madrid, 1989)

É titulada en Grao Medio de Danza Clásica no Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma e actualmente está cursando estudos de coreografía e interpretación no CSD María de Ávila. Completou a súa formación asistindo a estudos de circo na Escuela de Circo Carampa (Madrid).

Destacan as súas participacións na peza *Texane*, dirixida por Claude Brumachon no Centro Cultural La Vaguada, ou na *Madrigal* de Nacho Duato, na mostra de xoves artistas de Chemnitz en Alemaña.

Participou tamén en producións do Angel Corella Ballet, no Teatro Circo Price, e no Teatro Real de Madrid, co que actuou en representacións como *La Gioconda* ou *L'Orfeo*. Realizou tamén distintas participacións co Taller do Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma.



Ástrid Molinero

(Barcelona, 1990)

Comezou a súa formación artística en Barcelona en 1995 na escola Oriol Martorell. En 2002 entra no Institut del Teatre baixo a dirección de Ramón Oller e en 2004 complementa a súa formación en ballet na Eulalia Blasi Academy coa dirección de Eulalia Blasi.

No ano 2008 participa no London Studio Centre e na Images Company Tour, dirixido por Nick Espinosa. Destacan as súas actuacións no EESA/CPD de L'Institut del Teatre de Barcelona en representacións como *Paquita*, *La Bella Durmiente*, *Giselle* ou *Don Quixote*.

Coa Eulalia Blasi Academy é solista en *Chopiniana*, e forma parte do corpo de baile de diferentes producións (*Petite Mort*, *Swan Lake* ou *La Bayadere*, entre outras).



Lucía Antonella Sampieri

(Arxentina, 1982)

Comeza en Mendoza, Arxentina, os seus estudos de danza no Estudio Isolde Kleiman de Danza Clásica. En 1992 accede á Universidade Nacional de Cuyo, onde estuda baixo a dirección de Héctor Cavallini e Genoveva Sagués, tamén en Mendoza. En 1999 obtén o título de Mestra en Danza Clásica polo Estudio XXI (Mendoza), e en 2003 accede á Bolsa Nacional outorgada pola Fundación Julio Boca de Danza Clásica e Comedia Musical, dirixida por Julio Boca e Ricky Paskush en Bos Aires.

Entre 2003 e 2005 cursa tamén na capital arxentina danza clásica e contemporánea no Teatro General San Martín, onde obtén o Certificado de Intérprete Profesional en Contemporáneo.

Entre os seus traballos destaca a súa actividade tanto en ballet clásico como contemporáneo, levada a cabo en cidades como Bos Aires, Londres ou Barcelona. Na capital catalá traballa con Pepe Hevia, David Zambrano, Antón Lackhi, Eleonor Valaré ou Angels Margarit en Contemporáneo, e con Ángeles Lacalle ou Montse Giopis en Clásico, entre outros. En Londres colaborou coa compañía Henri Oguiken Dance en 2008.

Actualmente é intérprete para a Compañía Contratango en Barcelona, dirixida por Francesc, e para Plan B, dirixida por Arantxa Sagardoy e Alfredo Bravo, en cidades como Tarragona, Valencia ou O Cairo. Destaca tamén pola súa actividade docente en danza clásica e contemporánea en centros como a Escuela de Comedia Musical e en Eizerestudio, en 2006 e 2007, ambas en Bos Aires.



Fátima Fernández

(México, 1982)

Inicia en 1989 estudos de danza española no Real Club España e, máis tarde, comeza a súa formación clásica no Centro Cultural Ducal de México.

En 2001 entra no Delta Festival Ballet de New Orleans con mestres como Joseph Giacobbe, Rochelle Zide-Booth ou Zygmunt Szostak. Chega a Madrid en 2004, onde continúa a súa formación clásica da man de profesores do Conservatorio Superior de Danza.

Da súa experiencia como bailarina é salientable o seu período no Ballet Teatro Flamenco entre 1995 e 2001, dirixido por María Antonia Morales, onde participa en representacións como *El amor brujo*, *Las sillas flamencas* e *Majas al alba*, todas de M. Antonia Morales; en *Raíces* e *Latidos*, de Amaranta Morales; ou nas óperas *Carmen* e *Luisa Fernanda*. Entre 2002 e 2004 actúa na Compañía Mexicana de Zarzuela Domingo Embil e no Ballet Moderno de México.

Xa en España, baila para a Compañía de Danza Santamaría, baixo a dirección de Juan Carlos Santamaría, en producións como *Polvo*, *Danzas soñadas*, *Rikalda*, *Passe le Temps* ou *Sonidos de un jardín*.



Elena Chamorro

(Madrid, 1983)

Comezou a súa formación en danza clásica no Real Conservatorio de Danza de Madrid. Entre os seus mestres de baile destacan Santiago de la Quintana, Carmina Ocaña, Pino Alosa, Carmen Roche, Virginia Valero, Ricardo Franco, Lázaro Carreño, Sofía Sancho, Tino Moran, José Antonio Quiroga, Aurora Bosch, Orlando Salgado, Jocelyn Alicart, Alicia de la Corte, Ángela Santos, Teresa Nieto, Francesc Bravo, Jodi Goodman, Giuseppe Stella ou Michelle Man.

Entre as súas experiencias profesionais destacan as participacións en compañías como Uña's Compas, dirixida por Ricardo Franco, e a Compañía de Danza de Laurentiu Guinea, entre os anos 2001 e 2003. En 2005 pasa a formar parte de Arte369, dirixida por María Giménez, e en 2008 entra na Compañía de Danza Santamaría, dirixida por Juan Carlos Santamaría.



Carlos Ugarriza

(Madrid, 1982)

Cursou estudos de danza contemporánea e clásica en centros como Broadway Dance Center, Peridance Center, Dance New Amsterdam ou MMAC Studios, asistindo a clases de ballet con mestres como David Howard, Lisa Lockwood, Lone Moretton ou Elena Kunikova. Entre os seus profesores de contemporáneo destacan Brice Mousset e Julie Bour (Release), Max Stone, Jana Hicks, Milton Myers (Horton), Pascal Rioult (Graham), Benoit Swan Pouffer (Cedar Lake Company) ou Alan Danielson (Limón).

En 2008 gaña unha bolsa para realizar estudos no Steps on Broadway de Nova York. Diplomado en Enfermaría, comeza a súa formación artística na Escuela Insular de Teatro de Santa Cruz de Tenerife. Ten unha formación teatral notable. Realizou cursos de baile contemporáneo e clásico na Imperial Academy of Dancing. Entre as súas interpretacións cabe destacar a súa participación en producións da Romeo & Juliet Cirque (Bruxelas, 2009) e da Brice Mousset Company (Nova York, 2008-2009).



Ariel Gastón A. Caramés

(Arxentina, 1978)

Comezou a súa carreira artística en Arxentina, onde recibiu clase no Teatro Colón e formou parte do Ballet del Teatro Maipo. Estivo durante catro anos en EE.UU., onde chegou cunha bolsa para formar parte da escola Miami City Ballet. En Norteamérica foi dirixido por figuras como Vladimir Issaev na Arts Ballet of Florida, ou Ray Sullivan no Miami Contemporain Dance Company. Participou tamén como solista no Festival Internacional de Ballet de Miami.

De volta en Arxentina integrou o Ballet Contemporáneo do Teatro San Martín coa dirección artística de Mauricio Wainro, realizou varias actuacións como solista e compartiu escenario con bailaríns como Ángel Corella, Maximiliano Guerra ou Paloma Herrera. En 2008 entra a formar parte da Compañía del Ballet Argentino coa dirección de Julio Bocca, onde leva a cabo, por segunda vez consecutiva en Arxentina, un *pas de deux* para o Día Internacional da Danza representando o Ballet Argentino.

Actualmente reside en España, onde ten participado en interpretacións con bailaríns da compañía de Maurice Bèjart como Víctor Jiménez e Luciana Crooato.



Juan Miguel Hernández

(Madrid, 1975)

Realiza estudos de danza en Madrid na Escuela María de Ávila con Lola de Ávila, no Real Conservatorio Profesional de Danza con Aurora Bosch e Lázaro Carreño, e na Escola de Víctor Ullate.

Como solista, son salientables as súas actuacións en *Jardí tancat* e *Without Words*, con Nacho Duato; en *L'Oiseau de feux* e *Sept dances grec* con M. Bèjart; en *Vertiginous* con W. Forsythe; nos *Kammerballet*, *Cinco tangos*, *Concertante* e *Solo for Exactitus*, de H. van Manen; ou nos *Jaleos*, *Arrayan d'Araxa*, *Seguirillas* e *Tras el espejo*, de Víctor Ullate.

Como membro do corpo de baile, fixo representacións de diversa importancia con R. North (*Entre dos aguas* e *Troy Game*), con Víctor Ullate (*Ven que te tienta*, *El amor brujo* e *Don Quijote*) ou con Pascal Touzot (*First Touch*), entre outros.



Miguel Ángel Ponte

(Cambre, A Coruña, 1983)

Licenciado en Coreografía e Interpretación pola Universidad Rey Juan Carlos I.

Destacan as súas participacións en representacións coa compañía galega Druída Danza: *O calar do tempo*, *A redeira*, *20 años no es nada* ou *Verde transparente*. En Madrid participa en varias funcións de *El cascanueces* para o Joven Ballet de Cámara de la Comunidad de Madrid.

Mención á parte merecen os seus traballos co Ballet Clásico Nacional da República Dominicana, onde é contratado como artista internacional en calidade de solista principal, con actuacións como *En el nombre de los inocentes*, de Miguel Ángel Ponte; *Danzón*, de Carlos Beitía; ou *Divertimento*, de Juan Fidel Mises. Actuou co CCG en diferentes producións, como *Giseliña*, de Cisco Aznar, e noutros proxectos, como *La 8*, de Erick Jiménez, ou *Kira*, de Kirenía Martínez.

Foi premiado coa mención “Bailarín máis destacado” no Certame Coreográfico Galego (2004) e acadou o terceiro premio no Concurso Nacional de Danza de Torrelavega (2005).



Pablo Aradillas

(A Coruña, 1984)

Iniciou os seus estudos na Escola de Danza de Hannelore e Déborah Alfaya. Realizou tamén un grao intermedio na Royal Academy of Dance. Completa a súa formación con cursos complementarios en expresión corporal e baile, entre os que destaca o Cursillo Internacional de Ballet Clásico, Repertorio y Paso a Dos no Centro de Danza de Víctor Ullate.

Participa como bailarín na produción do Centro Coreográfico Galego *Vacuo*, de Maruxa Salas, nos anos 2006 e 2007.

Na actualidade é compoñente de Druída Danza, onde participou en producións como *ABC Danza* ou *Verde transparente*. Actuou tamén co Grupo ISGA Collective en Bruxelas.

Recibiu o Primeiro Premio do Concurso de Coreografía no Conservatorio de Música e Danza Mayeosis, e foi finalista no VII Concurso Nacional de Danza Ciudad de Ribarroja del Turia, na modalidade de danza clásica.



3DTres